

Resumo

O Proxecto IntlUni (www.intluni.eu) produciu unha serie de principios para as universidades europeas que se esforzan por garantir a calidade dos seus programas internacionais. IntlUni (2012-2015) analiza a necesidade de permitir que distintos grupos de persoal e alumnado de programas internacionais reflexionen sobre a docencia e a aprendizaxe. Tamén propón que as institucións desenvolvan “unha política lingüística e cultural inclusiva e propicia” que apoie estes procesos (Cozart *et al* 2015).

Esta presentación describe a resposta dunha universidade holandesa a estes retos, centrando a atención nas necesidades do profesorado de materias non lingüísticas responsable de impartir o programa internacional en inglés (EMI). Na Universidade de Groninga adoptouse unha Política Lingüística e Cultural que ofrece apoio nas destrezas lingüísticas e interculturais a todo o persoal e estudantado da universidade. O centro de linguas universitario, xunto a outras unidades e facultades, xoga un papel fundamental nestes procesos (Haines & Dijk 2015).

Para garantir que estas medidas teñan unha finalidade práctica, púxose en marcha un proxecto de “aula internacional” de alcance institucional que ofrece unha plataforma para aumentar a conciencia do contexto internacional na universidade e as súas implicacións, para intercambiar boas prácticas, e para seguir a desenvolver coñecementos, ferramentas e apoio (Haines, próxima publicación). Namentres, redes internacionais como IntlUni garanten que a Universidade manteña unha perspectiva máis ampla. Outro exemplo destas actividades é o proxecto EQUiP Erasmus+, que está actualmente desenvolvendo módulos de formación para desenvolvedores educativos que ofrecen apoio ao profesorado de materias non lingüísticas.

Para concluír, co apoio estrutural da política institucional, os centros de linguas poden xogar un papel clave como garantes da calidade na educación internacional en todas as nosas universidades. Isto implica traballar en colaboración con outras unidades e facultades, e necesitamos crear áreas de compromiso mutuo nos que distintos axentes poidan cooperar para ofrecerlle ao profesorado a axuda que precisan.

Próxima publicación:

Haines, Kevin (forthcoming). Purposeful interaction and the professional development of content teachers: observations of small-group teaching and learning in the international classroom. En Jennifer Valcke & Robert Wilkinson (Eds.), *Integrating Content and Language in Higher Education: Perspectives on Professional Practice*. Frankfurt: Peter Lang.

Publicacións recentes:

Cozart, Stacey, Kevin Haines, Karen M. Lauridsen & Thomas Vogel. 2015. The IntlUni principles for quality teaching and learning in the multilingual and multicultural learning space. En Lauridsen, Karen M. Lauridsen & Mette Kastberg Lillemose (Eds.) *Opportunities and challenges in the multilingual and multicultural learning space. Final document of the IntlUni Erasmus Academic Network project 2012-15*.

Aarhus: IntlUni.

Haines, Kevin & Anje Dijk. 2016. Translating language policy into practice: Language and culture policy at a Dutch university. *Language Learning in Higher Education* 10(2).

Haines, Kevin, Franka Van den Hende & Nico A. Bos. 2015. From Training Initiative to Fully-Fledged Innovative International Programme: A Story of Staff and Student Cooperation at the university of Groningen's Medical School. En Wendy Green & Craig Whitsed (Eds.), *Critical Perspectives on Internationalising the Curriculum in Disciplines: Reflective Narrative accounts from Business, Education and Health*, 159–174. Rotterdam: Sense Publishers.